



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Formación profesional e mercado laboral		Código	652606611
Titulación	5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	gustavo.perea@udc.es	
Profesorado	Perea Vega, Gustavo Ariel	Correo electrónico	gustavo.perea@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Con esta materia preténdese que o alumnado coñeza a estrutura da formación profesional en España e saiba aplicar na clase os contidos adquiridos na asignatura			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A15	Coñecer a evolución do mundo laboral, a interacción entre sociedade, traballo e calidade de vida, así como a necesidade de adquirir a formación adecuada para a adaptación apropiada e permanente das distintas profesións (FP).
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer a evolución do mundo laboral, a interacción entre sociedade, traballo e calidade de vida, así como a necesidade de adquirir a formación adecuada para a adaptación apropiada e permanente das distintas profesións (FP).	AP15	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		CM3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		CM4
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.		CM5
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.		CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Organización e estrutura da formación profesional	<ul style="list-style-type: none"> - A situación da formación profesional - A formación profesional inicial - A formación profesional para o emprego - Recoñemento, avaliación e acreditación das cualificacións
Tema 2. Historia e evolución do traballo	A profesionalidade



Tema 3. Evolución e características do mercado laboral	- Elementos para a inserción no mercado laboral - As políticas activas de emprego
Tema 4. A perspectiva de xénero na formación profesional	Integración da perspectiva de xénero na formación profesional
Tema 5. A formación ao longo da vida	A formación ao longo da vida
Tema 6. Organismos e institucións galegas, estatais e europeos do ámbito da formación profesional	Organismos e institucións galegas, estatais e europeos do ámbito da formación profesional
Tema 7. A formación profesional no marco das políticas educativas e de emprego da Unión Europea	A formación profesional no marco das políticas educativas e de emprego da Unión Europea

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	1	0	1
Análise de fontes documentais	5	15	20
Portafolios do alumno	2	8	10
Proba obxectiva	2	0	2
Presentación oral	3	9	12
Aprendizaxe colaborativa	5	15	20
Traballos tutelados	9	18	27
Atención personalizada	8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Tratarase de evidenciar os coñecementos previos do alumnado e a súa disposición cara a materia. Preséntase a materia e as tarefas a desenvolver.
Análise de fontes documentais	Presentación de documentos que clarifican a exposición docente e serven de avaliación da integración dos coñecementos por parte do alumnado.
Portafolios do alumno	No que se recollerá o traballo do alumnado para a súa avaliación
Proba obxectiva	Proba para coñecer o alcance dos coñecementos mínimos da materia e a súa interiorización por parte do alumnado. Plantexaráselle ao alumnado o desenvolvemento dun tema para ver a visión global que ten da materia
Presentación oral	Proba para desenvolver a competencia de falar en público e a capacidade de organización e síntese da información.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en pequeno grupo e posta en común para contrastar a información obtida das fontes documentais.
Traballos tutelados	Traballo en grupo no que a partir dun suposto práctico se desenvolverá un itinerario formativo e profesional que implicará a análise dun ciclo formativo pertencente a unha familia profesional e nos que se integrará a análise dunha ocupación, o sector no que se desenvolve, a situación da perspectiva de xénero, e as posibilidades de formación ao longo da vida.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais Aprendizaxe colaborativa Presentación oral Traballos tutelados Proba obxectiva Actividades iniciais Portafolios do alumno	Na atención personalizada o profesor resolverá as dúbidas que teña o alumno sobre os diferentes temas a traballar na materia. Durante estas sesións realizarase un seguimento do traballo do estudante, supervisando e orientando máis directamente o proceso a seguir en cada unha das actividades realizadas.
---	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	O alumnado terá que consultar distintas fontes documentais as cales se reflectirán no traballo final da material	5
Aprendizaxe colaborativa	O alumnado deberá de compartir coñecementos para o desenvolvemento do traballo tutelado e será avaliada transversalmente a través das distintas metodoloxias.	5
Presentación oral	Avaliarase a competencia de falar en público e a capacidade de organización e síntese da información.	10
Traballos tutelados	Traballo en grupo no que a partir dun suposto práctico se desenvolverá un itinerario formativo e profesional que implicará a análise dun ciclo formativo pertencente a unha familia profesional e nos que se integrará a análise dunha ocupación, o sector no que se desenvolve, a situación da perspectiva de xénero, e as posibilidades de formación ao longo da vida.	40
Proba obxectiva	Consistirá nun tema xenérico de integración de coñecementos a desenvolver en dúas horas.	30
Portafolios do alumno	No que se recollerá o traballo do alumnado en soporte papel e dixital para a súa avaliación.	10

Observacións avaliación
O alumnado que non asiste polo menos ao 80% das clases, perderá o dereito a avaliación e terá que presentarse ao exame de xullo.

Fontes de información	
Bibliografía básica	- (). .
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías